


200 KM



Tít. orixinal: *200 km*
Ano: 2003
Duración: 90 min.
País: España
Dirección: Discusión 14
Guión: Discusión 14
Fotografía: Discusión 14
Reparto: Traballadores de SINTEL
Productora: Discusión 14
Xénero: Documental
Para tódolos públicos

Sinopse: Partindo de seis puntos diferentes de España, os traballadores de SINTEL, empresa pertencente a Telefónica no momento da súa privatización, e as súas familias, recorren a pé centenas de quilómetros para encontrarse en Madrid o día 1 de maio e reclamar unha solución para a súa situación laboral. Case dous anos despois do Campamento da Esperanza (no que 1800 traballadores permaneceron ó longo de 6 meses), os traballadores de SINTEL volven a Madrid para reclamar o traballo digno que lles prometeran. "Discusión 14" é un colectivo de 14 realizadores españois (8 mulleres e 6 homes) menores de 30 anos.

Sintel somos todos

por Cristina Savall (tomado de <http://www.nodo50.org>)

200 km é unha película colectiva asinada por 14 directores mozos que seguen os pasos iniciados por *O efecto Iguazú*, unha película comprometida socialmente coa que Pere Joan Ventura e Georgina Cisquella gañaron no ano 2002 o Goya ao mellor documental. Este novo traballo, ao igual que o seu antecesor, é un potente altofalante e un documento histórico das reivindicacións dos traballadores despedidos de Sintel, empresa filial de Telefónica que caeu en barrena coa privatización.



Os realizadores de *200 km* – oito mulleres e seis homes con estudos de cinematografía recién rematados – forman o grupo Discusión 14. O proceso de creación – recoñecen – foi complicado. "As reunións eran duras. O nome xurde de aí, das horas que nos pasabamos discutindo", explica Elisa Martínez, que comparte a autoría do documental con Tania Balló, Nora B. González, Núria Campabadal, Ricard Carbonell, Roger Comella, Aymar del Amo, Marco Iglesias, David Linares, Óscar M. Chamorro, Iratí Moyano, Cristina Pérez, Sandra Ruesga e Ruth Somalo.

"Unha película colectiva implica un reparto de traballo. Son 14 puntos de vista, pero como é lóxico non estivemos todos na sala de montaxe", precisa Tània Balló, que agradece o apoio que tiveron de Cisquella e Ventura, de quen xurdiu a idea de filmar un segundo documental sobre o caso Sintel. Iratí Moyano, que seguiu a columna que recorreu a Nacional 1, asegura que as decisións importantes se tomaban por consenso. "O guión tívose que

escribir unha vez tivemos as 180 horas gravadas. Iso dificulta a montaxe”, agrega Moyano.

Si *O efecto Iguazú* centra a súa mirada nos 187 días de acampada que protagonizaron no 2001 os empregados de Sintel no Paseo da Castellana, *200 km* toma o relevo dous anos despois, coa odisea das seis marchas de protesta repartidas por diferentes puntos de España co obxectivo de chegar a Madrid o día 1 de maio. As cámaras captan aos homes e mulleres que camiñan ó longo de dez días por estradas nacionais para reivindicar o cumprimento dos acordos pactados polo Goberno e Telefónica. *200 km* presta especial atención ao muro que creceu entre os traballadores de Sintel e os líderes sindicais. Explica con detalle os antecedentes que provocaron a crispación que alterou a manifestación do Primeiro de Maio, cando José María Hidalgo, secretario xeral de CC.OO., foi agredido na cabeza por un traballador de Sintel co pao dunha pancarta.

As relacións ente quen filma e os que son filmados quedan entrelazadas coa convivencia diaria nunha dura camiñata que imprica comer e durmir baixo o mesmo teito. A implicación foi tal que os autores do documental, que tamén estaban en paro, aportaron cada un 200 euros para poder tirar adiante este documental. O recoñecemento chegou co festival de San Sebastián, que pediu unha versión máis longa para incluílo no seu programa. “Esta película da voz a unha xente á que ninguén quería escoltar”, coinciden todos.